



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Literatura Galega e Estudos Socioculturais	Código	613G02032	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e LingüísticaLetras			
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Estudo da literatura galega desde a perspectiva dos estudos de xénero, sistémicos, identitarios, emerxentes, etc. Neste curso académico, a análise dos textos literarios realizarase a partir do paradigma dos estudos de xénero.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Saber analizar o papel do xénero na organización da vida pública e da vida privada a través de fontes literarias.	A2	B3	C4
	A3	B5	C6
	A4	B7	C8
	A10	B8	
	A11	B10	
	A14		
	A15		
	A17		
	A18		
	A19		
	A20		
Adquirir a capacidade de utilizar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais	A1	B1	C1
	A2	B2	C3
	A3	B3	C4
	A4	B4	C6
	A7	B5	
	A10	B6	
	A11	B7	
	A14	B8	
	A15	B9	
	A17	B10	
	A19		



Comprender os procesos históricos do estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma.	A1 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A18 A19 A27	B2 B3 B5 B7 B8 B10	C1 C3 C4 C6 C7 C8
Adquirir as habilidades necesarias para analizar e interpretar os mecanismos dos procesos da creación literaria.	A1 A2 A4 A10 A11 A14 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C3 C4 C6
Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués.	A11 A14 A15 A17 A19 A20 A23 A27 A28	B3 B5 B7 B8 B9 B10	C4 C6
Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	A1 A2 A4 A11 A14 A15	B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C7
Realizar achegas creativas e orixinais na análise dos textos literarios, dos productos artísticos e das realidades culturais.	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C7



Saber realizar unha análise crítica da literatura e os discursos como un medio de construción da feminidade e da masculinidade, así como dos roles e estereotipos de xénero asociados a estas identidades nas diferentes épocas.	A2 A4 A11 A14	B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C7
Saber empregar o xénero e a sexualidade como categorías de análise das representacións da subxectividade inscritas nos textos literarios.	A2 A4 A11 A14 A15	B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C4 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Literatura e estudos de xénero	1.1. Introducción: A teoría feminista e a redefinición da realidade 1.2 O concepto de xénero e as achegas metodolóxicas dos estudos feministas.
2. Crítica literaria e pensamento feminista	2.1. Nesgos de xénero no estudo da literatura 2.2. Canon e androcentrismo 2.3 Feminismos e crítica literaria
3. Aproximación a textos literarios galegos desde unha perspectiva de xénero	3.1. A obra de Rosalía de Castro: a construción da identidade fronte á norma 3.2. Imaxes de mulleres e discurso de xénero na narrativa de Ramón Otero Pedrayo e de Alfonso R. Castelao 3.3. Eduardo Blanco-Amor: unha reflexión sobre xéneros, identidades e estereotipos 3.4. M ^a Xosé Queizán: cuestionamento de estereotipos e das identidades de xénero desde o discurso feminista

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A3 A7 A10 A11 A17 A19 A2 A4 A9 A14 A15 B2 B9 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C3 C1 C4 C6	8	16	24
Lecturas	A1 A18 A20 A23 A27 A28 B1 B5 B6 B8 B2 C3 C6 C4 C7	0	16	16
Discusión dirixida	A2 A4 A14 A15 A1 A11 B3 B4 B5 B8 B10 B10 C1 C4	8	0	8
Actividades iniciais	B8 B9 C1	1	0	1
Eventos científicos e/ou divulgativos	B3 B8 B5 C6 C7 C8	2	2	4
Proba de ensaio	A17 A2 A4 A9 A11 A14 A15 B5 B7 B1 B3 B6 B8 C1 C3 C6 C4	2	20	22



Solución de problemas	A1 A10 A17 A2 A4 A9 A11 A15 B6 B3 B5 B8 C4 C1	2	14	16
Sesión maxistral	A1 A7 A17 A19 A20 A27 A1 B5 B8 B9 C6 C8	10	10	20
Atención personalizada		1.5	0	1.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Como actividade derivada das sesións maxistras, o alumnado terá que analizar textos (teóricos ou de creación) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requirirá un esforzo na actividade non presencial.
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a realización dos traballos.
Discusión dirixida	Ao longo de varias das sesións do curso, desenvolveranse discusións, moderadas pola profesora, sobre algún dos aspectos do temario. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.
Actividades iniciais	Toma de contacto para coñecer o nivel de coñecementos, intereses, motivacións, etc.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación en eventos relacionados coa materia que se realicen na propia facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Proba de ensaio	Cada estudante terá que elaborar un breve ensaio sobre algún aspecto relacionado co temario, cuxa orientación e características formais seguirán as indicacións establecidas previamente pola profesora. Este ensaio deberá ser defendido e comentado coa profesora nunha sesión individual. Esta actividade permite avaliar a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade da/do estudante. Implica, por tanto, un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Solución de problemas	Como complemento ás sesións maxistras e ás actividades prácticas presenciais, o alumnado deberá realizar (fóra da aula) unha serie de actividades prácticas ou traballo tutelado sobre os contidos traballados nas aulas presenciais que deberá entregar á docente nas datas marcadas. Estes traballos serán logo comentados coa profesora en sesións individuais.
Sesión maxistral	Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodolóxicos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	A través destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos ou destrezas.
Proba de ensaio	Á beira do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado pola profesora responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida fundamentalmente para o apoio á realización dos traballos tutelados. De maneira xeral, cada estudante asistirá, polo menos, a unha sesión de atendimento previa á entrega da proba de ensaio final.
Sesión maxistral	
Lecturas	
Discusión dirixida	O alumnado de matrícula parcial e/ou con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas pola docente, e terá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.
Solución de problemas	

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A3 A7 A10 A11 A17 A19 A2 A4 A9 A14 A15 B2 B9 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C3 C1 C4 C6	O alumnado terá que analizar en clase textos (teóricos o literarios) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requerirá un esforzo na actividade non presencial.	20
Proba de ensaio	A17 A2 A4 A9 A11 A14 A15 B5 B7 B1 B3 B6 B8 C1 C3 C6 C4	Cada estudante terá que elaborar un breve ensaio sobre algún aspecto relacionado co temario, cuxa orientación, dimensións e características formais seguirán as indicacións establecidas previamente pola profesora. Unha vez entregado, este ensaio deberá ser defendido e comentado coa profesora nunha sesión individual. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor no desenvolvemento do tema seleccionado, así como a clareza expositiva e expresiva.	40
Discusión dirixida	A2 A4 A14 A15 A1 A11 B3 B4 B5 B8 B10 B10 C1 C4	Avaliarase a participación activa nas sesións prácticas dedicadas á posta en común de cuestión e problemas previamente plantexados pola profesora. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.	20
Solución de problemas	A1 A10 A17 A2 A4 A9 A11 A15 B6 B3 B5 B8 C4 C1	Actividades prácticas non presenciais que deberán ser entregadas nos prazos marcados. Avaliarase o correcto desenvolvemento das instrucións indicadas, a aplicación dos contidos teóricos á práctica, para alén da corrección na análise e na expresión escrita.	20

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobadado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e colgado en Moodle).

2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

2.1. Aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que presentar os exercicios escritos que non fosen avaliados positivamente. A data límite de entrega será a marcada para o exame do mes de xullo.

2.2. Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Análise de fontes documentais e Discusión dirixida). Así, a valoración estará composta polo 50% das actividades englobadas no apartado "Solución de problemas" (que serán presentadas tamén de modo oral) e o 50% da "Prueba de ensaio", que deberá ir tamén acompañada dunha presentación oral. A entrega dos traballos, así como a realización das presentacións, terán lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía.

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta

oportunidade adiantada cada estudante será avaliado/a de modo similar á segunda

oportunidade (xullo). A valoración estará composta polo conxunto de actividades

(50%) que se engloban na epígrafe de "Solución de problemas" (que serán presentada de modo oral) e o 50% da "Proba de ensaio",

que deberá ir tamén acompañada dunha presentación oral. A entrega dos

traballos, así como a realización das presentacións, terán lugar na data

oficial marcada pola Facultade de Filoloxía.

4. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL OU CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel.

5. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non presente a "Proba de ensaio" e, alén diso, cuxo número de actividades avaliadas for inferior ao

50 %.

6. OUTRAS PRECISIÓNS

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias ou se detecte calquera tipo de uso fraudulento de recursos tecnolóxicos, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña" (artigo 14.4). No xeral, a falta de honradez académica nunha proba conlevará a cualificación de 0 nesa convocatoria e, noutros traballos, a reprobación da actividade concreta.

A materia

poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas

encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de

aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos

servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de

maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á

Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de

Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal)."



Fontes de información

Bibliografía básica

- Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ed.) (1996). Historia da Literatura Galega 5 vols. . Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra
 - Bernárdez, Carlos L. / Insua, Emilio X. / Millán, Xosé M. / Rei. Manuel / Tato, Laura (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra
 - Blanco, Carmen (1995). Nais, damas, prostitutas e feirantas . Vigo: Xerais
 - Blanco, Carmen (1995). Literatura galega da muller. Vigo: Xerais
 - Castro, Olga / Reimóndez, María (2013). Feminismos. Vigo: Xerais
 - Chao, Luca (2023). Feminismo en cen palabras. Vigo: Galaxia
 - García Marín, Jorge (2019). Papá, por que non pintas as unllas de cores? Educando (construíndo) masculinidades disidentes. Vigo: Galaxia
 - García Negro, Mª Pilar (2010). O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo . Santiago: Sotelo Blanco
 - González Fernández, Helena (2005). Elas e o paraugas totalizador. Vigo: Xerais
 - Rodríguez Sánchez, Francisco (1993). Eduardo Blanco-Amor. O desacougo da nación negada Vilaboa-Pontevedra: Ed. do Cumio. Vilaboa-Pontevedra: Ed. do Cumio
 - Varela, Nuria (2005). Feminismo para principiantes. Barcelona: Ediciones B Libro
 - Vilavedra, Dolores (1999). Historia da Literatura Galega . Vigo: Galaxia
- A profesora fornecerá, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos fixados.

Bibliografía complementaria

- Adán, Carme (2018). Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión . Vigo: Galaxia
 - Amarelo, Daniel (coord.) (2020). Nós, xs inadaptadxs. Representacións, deseños e historias LGBTIQ na Galiza. Santiago: Através
 - Amorós, Celia (coord.) (1994). Historia de la teoría feminista . Madrid: Instituto de Investigaciones feministas de la UCM /Dirección general de la Mujer
 - Beltrán, Elena et alii (eds) (2001). Feminismos. Debates teóricos contemporáneos. Madrid: Alianza
 - Blanco, Carme (1995). O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo. Vigo: Nigra
 - Fariña Busto, Mª Jesús / Suárez Briones, Beatriz / Martín Lucas, Mª Belén (eds.) (2005). Escribir en femenino. Poéticas e políticas . Barcelona: Icaria
 - Forcadela, Manuel / Noia, Camiño (coords.) (2011). Cara a unha poética feminista. Homenaxe a María Xosé Queizán. Vigo: Xerais
 - García Negro, Mª Pilar (2001). Arredor de Castelao. Vigo: A Nosa Terra
 - González Fernández, Helena (2009). Género y nación : la construcción de un espacio literario . Barcelona: Icaria
 - Lema París, Ánxela / Nunes Brións, Andrea (2023). Amores, alianzas e non monogamias. Vigo: Xerais
 - Macedo, Ana G. / Amaral, Ana L. (orgs.) (2005). Dicionário da crítica feminista. Porto : Edições Afrontamento
 - Martín, Sara (2007). "Los estudios de la masculinidad. Una mirada al hombre a partir del feminismo" en Meri Torras (ed.), Cuerpo e identidade I. Barcelona: Ediciones B Libro
 - Moure, Teresa (2012). Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións . Vigo: Galaxia
 - Pena Presas, Montse (2018). Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia. Santiago de Compostela: Laiovento
 - Otero Varela, Inma (2022). A materialidade das fillas de Lupa. Obxectos ficcionais femininos na narrativa galega . Vigo: Xerais
 - Queizán, Mª Xosé (2008). Anti natura. Vigo: Xerais
 - VV. AA. (2023). Irmás. Oito diálogos contra a desmemoria. Santiago: Alvarellos
- A profesora fornecerá ao longo do curso, a través da plataforma Moodle, material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada un dos temas obxecto de estudo nesta materia.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías